

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DA MERCA PARA A REHABILITACIÓN PARCIAL DE 34 CANASTROS AGRUPADOS NO NÚCLEO DA MERCA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello da Merca o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello da Merca para a rehabilitación parcial de 34 canastros agrupados no núcleo da Merca.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que o Concello da Merca é consciente de que o seu Patrimonio é o seu máis grande ben, entendendo Patrimonio no seu senso máis amplo, é dicir, o conxunto de



bens dunha comunidade, incluíndo nese conxunto tanto os bens herdados como os de nova adquisición, tanto os naturais como os culturais. Partindo desta base o Concello da Merca está levando a cabo, dende fai anos, unha serie de iniciativas cun obxectivo común: por en valor, é dicir, rendibilizar o seu Patrimonio para dalo a coñecer, conservalo e para a promoción turística.

Terceiro.- A concentración de canastros ou hórreos da Merca é a máis grande de Galicia, xa que conta cun total de 34 exemplares, considerándose á súa vez coma unha das mais importantes de Europa. Foron trasladados ó emprazamento actual na década dos anos 70 do século pasado nunha iniciativa promovida pola administración pública en colaboración cos veciños. Chegaron a rehabilitarse na súa totalidade agás un deles, do que quedaron só os soportes, e que, polo tanto, queda fóra do obxecto deste convenio. Considerase que a súa construción, na meirande parte dos casos, é de principio s do século XX. A disposición dos canastros mantén unha orientación similar, co lado maior da cámara paralelo ás curvas de nivel e cunha diagonal dirección Norte – Sur. Dispóñense en filas continuas que ó mesmo tempo se adaptan ás condicións do solar. Os materiais son os característicos destas construcións: pedra, madeira e tella. A pedra emprégase nos soportes, xa sexan esteos (tronco-cónicos ou tronco-piramidais) ou cepas (trapezio invertido), sendo a madeira o material utilizado para a formación da cámara, pontóns e lata. A cuberta resólvese con tella cerámica curva.

Por outro lado, o antedito conxunto de canastros está integrado no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, por estar recollido de xeito individualmente singularizado no Catálogo de Patrimonio Arquitectónico e Etnográfico do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello da Merca, aprobado polo Pleno do Concello o 30 de xuño de 2003 (DOG do 29 de agosto), de acordo co artigo 30 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

A finalidade que se persegue con este proxecto é a rehabilitación parcial dos ditos 34 canastros, no senso de que se substituirán as partes irrecuperables e se manterán as que se atopen en bo estado. En ningún caso se modificarán as dimensións, características ou materiais construtivos.

As obras a realizar consistirán en primeiro lugar na retirada da cuberta naqueles hórreos en peor estado, para posteriormente reforzar e estabilizar a estrutura. A continuación



procederáse á substitución da cubrición actual, que está moi deteriorada nalgúns casos, por unha nova de iguais características, a base de tella cerámica curva. Tamén será necesario substituír os elementos deteriorados da cuberta (cumio, cangos e latas). Rematarase o perímetro de madeira dos aleiros nos testeiros e costados da cuberta.

Que a través deste convenio, outórgase ó Concello da Merca unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

